

Guía Didáctica



As Terras Comunitarias
O Monte Veciñal en Man Común



Proxecto:



Organizan:



Contidos:

Colaboran:



Contidos Unidade didáctica:



Co financiamento de:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Título: As Terras Comunitarias (O Monte Veciñal en Man Común)

Edita: Proxecto SON DE MONTE

Contidos da Unidade didáctica: Institutgo Galego das Terras Comunitarias. INGATECO coa revisión da Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común-ORGACMM. **Correo electrónico:** ingateco@gmail.com.

Consello de dirección: Xunta Directiva INGATECO.

Coordinación: Claudio Quintillán Vallejo. INGATECO.

Dixitalización: Miguel Arís Abilleira. INGATECO.

Maqueta inicial: Rebeca Quintillán Tilve.

Corrección lingüística: Silvia Díaz Iglesias.

Imaxes:

Fotografía: Claudio Quintillán, Manuel Soaxe, Xesús Rodríguez, Antón Costa, CCMM peitieiros.

Ilustración: Dolores Crespo Couselo e Tokio.

Maquetación: Demo editorial.

Imprime: Imprenta Feito S.L.

1ª Edición. Ano 2022. **Depósito Legal:** PO 97-2021

A Guía didáctica está baixo unha Licencia Creative Commons
Recoñecemento-CompartirIgual 3.0 Unported.







O futuro dunha sociedade xusta debería de construírse entre outras cuestións importantes, fomentando nas persoas valores como a solidariedade, actitudes cooperativas, compartir espazos en común, aproveitando que aínda temos na memoria, no legado e na actualidade, formas de traballo colectivo que se manteñen dende o pasado e que non deberíamos esquecer, adaptando as formas as necesidades do presente e futuro, sendo en moitos casos unha sinal de identidade, polo que deberíamos respectalo como parte do noso patrimonio social e cultural.

O Monte Veciñal en Man Común (MVMC) é un referente do traballo comunitario, da nosa historia pasada, que se mantén vivo, formando parte do presente da sociedade galega, certo é, que moi pouco ou nada difundido, polo que sería importante comprometer o seu coñecemento e defensa, para que as actuais e novas xeracións asuman unha herdanza que foi transmitida de nais e pais a fillos e fillas o longo dos séculos, moi ligada a sociedade rural pero que tivo, ten e terá, unha grande incidencia na poboación urbana e na súa calidade de vida.

Esta Guía Didáctica pretende ser a nosa aportación.

Dirección



O **Monte Veciñal en Man Común-MVMC**, é un sinal de identidade que temos os galegos e as galegas. Nin é unha titularidade pública, nin é privada, é de natureza veciñal, colectiva, comunitaria. É da veciñanza dun lugar, aldea ou parroquia a que acada colectivamente decisións nas asembleas das Comunidades de Montes. Xa que logo, estes grupos son fonte de debate, participación, solidariedade e cooperación.

Os MVMC no territorio galego cumpren tres funcións moi importantes: económica, medioambiental e social. Son espazos abertos, por isto, das dúas últimas funcións, benefíciase a sociedade no seu conxunto. Ademais, teñen características de bens comúns, de bens sociais.

*Os MVMC no territorio galego
cumpren tres funcións moi importantes:
económica, medioambiental e social,
ademais son espazos abertos.*

Son unha realidade viva no territorio galego, mais a pesar diso, son os grandes descoñecidos da sociedade, estando ausentes do currículo escolar galego, en calquera nivel, sendo isto unha enorme eiva e unha débeda pendente. E claro, o que se descoñece non se pode apreciar e valorar, polo tanto, moito menos defender.

Para corrixir esta eiva profunda, o **Instituto Galego das Terras Comunitarias** vai contribuír con esta Guía Didáctica titulada **“As Terras Comunitarias de Galiza: o Monte Veciñal en Man Común”**, destinada particularmente a mocidade en idade escolar.

Parabéns ao **INGATECO** pola elaboración desta Guía Didáctica. Un traballo que ademais de necesario, resulta imprescindible para a supervivencia do Monte Veciñal en Man Común, un traballo ben feito.

*Organización Galega de Comunidades
de Montes Veciñais en Man Común.*

Xosé Alfredo Pereira Martínez
Presidente



INTRODUCCIÓN

Poñemos nas vosas mans esta *Guía Didáctica sobre as Terras Comunitarias*, e concretamente sobre o Monte Veciñal en Man Común-MVMC, como unha ferramenta de traballo didáctico, para tratar dun xeito de propiedade da terra moi singular do territorio galego, que aporta grandes valores a sociedade, que está a pasar totalmente desapercibida entre a maioría da poboación, e por suposto na mocidade, xa que nunca se considerou de interese a súa difusión nas etapas do ensino.

Como introdución da guía, e no plano pedagóxico, compre lembrar que e como é o traballo comunitario, o compartir esforzos. Eran prácticas comúns na sociedade humana o longo dos tempos, sobre todo no rural, nas actividades agrarias, certas construcións e servizos que non debemos esquecer, por iso, recolleemos algúns exemplos previos o tratamento da figura do Monte Veciñal en Man Común-MVMC.

Moitos foron os factores que incidiron de forma negativa no MVMC ata chegar nas diferentes etapas da nosa historia, sendo a máis recente, e punto de inflexión, a que marca o comezo da ditadura franquista no ano 1940, cando son usurpadas estas terras, que eran da veciñanza dende tempos inmemoriais, polo Estado ata finais dos anos 70, case que 40 anos pasaron ata que foron devoltas, tras moitas loitas.

Nese período, dáse unha evolución forzada da sociedade rural coa fractura da sociedade tradicional, e co conseguinte abandono dos usos tradicionais do monte onde se sustentaba, que trouxo como consecuencia a moitas partes da Galiza un abandono progresivo por causa da emigración, e noutras, tiveron que mudar a actividade que desenvolvían.

Por desgraza, foron as administracións públicas con competencias sobre a terra, as que non lles interesou valorizar o traballo cooperativo e comunitario que representa o MVMC, e moito menos a súa difusión a todos os niveis e franxas de poboación.

A sociedade en xeral, carece da información necesaria sobre a súa existencia e valores, agás referencias en medios de comunicación a causa de conflitos, cuestións que moi pouco teñen que ver coa realidade actual e o que representaron ao longo dos moitos séculos de existencia.

A propagación de novas negativas, como os incendios forestais, tratando de responsabilizar os propietarios dos MVMC dos males que sofren estes, é unha práctica moi habitual. Mesmo ocultando e distorsionando o labor social, ambiental e económico que desenvolven.

O acceso ao coñecemento desta forma de propiedade e á súa historia serán unha garantía para o seu futuro



e pervivencia, por isto o INGATECO, quere introducir, coa colaboración do profesorado e institucións públicas na ensinanza, esta guía. Inicialmente deseñada para os niveis de secundaria e bacharelato, mais os seus contidos poden ser orientativos e útiles para outros niveis do ensino.

Nos últimos tempos, existe unha demanda do monte para actividades socio-deportivas. Para pasear as persoas humanas, acompañadas das súas mascotas, circular bicicletas, motos, quads e todoterrenos. En moitos casos sen respectar as normas e o medio ambiente, ou tampouco os traballos que os propietarios fan para súa conservación e mellora, chegando nalgúns casos a xerar accidentes e conflitos nos que se ven inmersos os titulares, e transmitindo na opinión pública a imaxe falsa de que o monte veciñal en man común é de todos e todas e onde se pode facer o que a un apeteza.

A guía didáctica, é unha ferramenta de traballo para tratar un xeito de propiedade da terra moi singular, que aporta grandes valores a sociedade e está a pasar totalmente desapercibida

Aportar información que permita poder contar con persoas sensibilizadas e críticas nesa importante etapa escolar de cambios físicos e sociais, e que poidan avaliar a partir desta publicación o que representan esas terras, o tipo de propiedade, así como a forma de xestión... Pretende ser un espello social tan necesario nestes tempos competitivos, valorizando o traballo comunitario como un valor a impulsar.



DESTINATARIOS E METODOLOXÍA

A QUEN VAI DIRIXIDA?

O público obxectivo principal é poboación escolar da ESO, e Bacharelato.

Mais tamén a comeneiros e comeneiras, veciñanza do rural e de zonas urbanas. Mesmo pode servir de guía a outros niveis do ensino, mentres non se elaboran outros materiais máis específicos.

Este material pode servir de ferramenta embaixadora diante doutras culturas que tamén teñen usos comunitarios ou mesmo que xa os perderon.

Partindo da necesidade de que a poboación adulta coñeza as terras comunitarias, é dicir, os montes veciñais en man común, a mocidade debería entrar en contacto con esa realidade, co fin de que poida sensibilizarse con ela e mesmo contribuir no futuro como renovación xeracional.

OBXECTIVOS

O obxectivo principal é que o alumnado de ESO e Bacharelato coñezan, comprendan e avalíen a importancia da propiedade colectiva que representaron e representan os Montes Veciñais en Man Común.

Para lograr este obxectivo, queremos destacar os seguintes obxectivos secundarios:

Coñecer o traballo e a xestión comunitaria da terra. Identificar eses montes como parte importante da nosa historia.

Recoñecer os valores que representan.

Convertelos nun referente para construír unha sociedade máis solidaria e cooperativa.

Coñecer ao monte veciñal como unha titularidade singular de Galiza.

Coñecer o funcionamento democrático e assembleario das comunidades de montes.

METODOLOXÍA

Os recursos didácticos a utilizar contan cun texto básico, linguaxe comprensible, conceptos moi claros, ilustracións e fotografías, divididos en tres partes:

- Libro/guía para profesorado e alumnado.
- Cuestionario de seguimento e de avaliación para alumnado.

Ambos documentos no libro Guía didáctica.

- Guía dixital en formato visual para súa presentación en pantalla.
- Documentos complementarios en formato dixital.

AVALIACIÓN

Para amosar o coñecemento adquirido, contén un ANEXO cun cuestionario de 32 preguntas tipo test, con tres opcións de resposta, onde riscar a que se considere correcta.



SOBRE A PROPIEDAD

Antes de tratar sobre as **Terras Comunitarias**, a quen pertencen ou que representaron e representan, resulta fundamental expoñer ao público obxectivo que entendemos por **propiedade**, que é ser propietario ou propietaria, e os diferentes xeitos de titularidade da terra.

En primeiro lugar, como se define a **propiedade**? Dentro das acepcións da palabra atopamos que a Real Academia Galega (RAG) inclúe:

- a) *dereito ou facultade de posuír unha cousa, de gozar ou de dispoñer dela de maneira exclusiva,*
- b) *ben (terra, casa etc.) que unha persoa posúe.*

Por tanto, existe un ben físico (obxecto, inmovible, terra, etc.) que ten un posuidor/a, a quen lle chamamos **propietario/a** e que ostenta a súa posesión ou **propiedade**.

A propiedade será, xa que logo, a facultade de ter e dispoñer dun ben dentro duns límites que determinan as leis.

É por iso, que no noso caso das **Terras Comunitarias: o Monte Veciñal en Man Común-MVMC**, a **propia terra sería a propiedade**, e seus lexítimos propietarios/as a veciñanza do lugar. Uns

titulares colectivos e variables (non sempre son os mesmos).

Pero ata chegar a ese apartado imos facer un breve percorrido para ver cando e como decidimos organizarnos o territorio.



O colexio é unha propiedade pública.



A vivenda é unha propiedade privada individual.

TIPOS DE PROPIEDAD

Na lexislación do Estado Español, baseada no dereito romano, so existen dous tipos de propiedade:

A) Propiedade privada: se a titularidade está en mans de particulares. Hai diversas formas de este tipo de propiedade: **individual** ou **colectiva**.



Vehículo de propiedade privada individual.

B) Propiedade pública: se a titularidade e unha administración pública (entidade local menor, concello, Xunta de Galiza, Deputación, Estado). Os montes de titularidade pública, chámanse montes comunais. En Galiza, tamén existen os **Montes veciñais en man común**, que aínda que nas diversas lexislacións están asimilados as propiedades privadas, non son nin titularidades públicas, nin titularidades privadas, **son titularidades veciñais comunitarias**.

*Falamos de
propiedade privada individual
cando un ben ten un
titular concreto*



Propiedade privada de copropietarios

A) Propiedade privada

De carácter individual

Referímonos a este tipo de propiedade cando dicimos que un ben é de alguén, que iso é privado. Cando aseguramos que eu son o titular, dono ou dona, dun obxecto ou unha propiedade. Cando podemos trocar, comprar ou vender esa cousa, ese ben.

Son bens de diverso tipo: vivenda, vehículo, obxectos, ferramentas, fábricas, edificios enteiros, terreos....por iso dicimos esta terra, esta parcela, esta finca é miña, ou de meu pai ou nai, meu coche...

Todos eses bens poden ser posuídos, trocados, comprados, vendidos, arredandos,...herdados. As persoas propietarias poden facer o que consideren con seus bens, sempre regulados dentro da lexislación vixente.

Polo tanto, existe unha clara relación entre a propiedade privada e a persoa que legalmente demostra ser o seu titular, para iso dispón de documento ou título de propiedade.



Aquí vemos un camiño, de propiedade pública, rodeado de monte que é propiedade comunitaria.



De carácter colectivo

En ocasións a propiedade pode ser **colectiva** cando a titularidade é de varias persoas. Podemos ter unha propiedade privada, como a vivenda, formando parte dun edificio con outras vivendas e compartindo zonas chamadas comúns, como as escaleiras, o patio, xardín,.....sendo nese caso co-propietarios/as deses espazos.



Muíño de propiedade privada comunitaria

Antigamente tamén había muíños que tiñan múltiples propietarios, dunha mesma familia, ou mesmo actualmente hai bens que pode ter un carácter de multipropiedade.

*Falamos de
propiedade privada colectiva
cando un ben ten
moitos titulares*

Xestión en común das titularidades privadas:

Referímonos a este tipo de propiedade se a titularidade é de moitas persoas, ou da veciñanza no seu conxunto. Este é o exemplo do Monte Veciñal en Man Común-MVMC.

A propiedade é atribuída a un conxunto de persoas en razón do lugar onde habitan, e que ademais son varia-



O centro cultural é unha propiedade privada colectiva.

bles, e que ten un réxime especial no que ninguén ten o control exclusivo sobre o uso e gozo, e que están sometidos voluntariamente a unhas normas de organización.

O MVMC define unha propiedade baseada nun conxunto de persoas, variables, en razón do lugar onde habitan e cun réxime especial



Hórreos de propiedade privada colectiva e comunitaria

Neste tipo de propiedade todo o mundo é titular de todo o territorio, non significa que un mesmo territorio se divida proporcionalmente entre os titulares.

Este dereito colectivo procede das máis antigas organizacións sociais implantadas no noso territorio e foi institucionalizado durante o Reino Suevo, sendo denominado Dereito Xermánico.

B) Propiedade pública:

Son bens de uso público como unha praza, un xardín, unha alameda, un parque infantil, unha rúa, un colexio, un hospital... Lugares onde calquera persoa ten dereito ao seu uso ou libre circulación, tan só coas limitacións que marquen as leis das administracións públicas, xa que os seus titulares son o Estado, a Xunta de Galicia, as Deputacións ou o Concello.

Son espazos abertos a sociedade ou servizos públicos, e teñen que ter garantido o acceso á cidadanía en xeral. Poden ser espazos de encontro, de relación, de uso social ou servizos (hospital, biblioteca, colexio, administración). Nestes espazos o acceso ou paso non pode estar limitado polos criterios da propiedade privada.

É a administración pública a que xestiona os espazos públicos para seu uso. Ninguén se pode apropiar particularmente da propiedade, independentemente que a xestión poida ser privada, e podemos atopalos moi próximos a nos en todos os concellos. Forman parte da rede de servizos para mellorar as condicións de vida da cidadanía. Son construídos e dotados cos fondos procedentes da recadación de impostos, que logo deben ser administrados polos gobernos para o ben común.

A propiedade pública son espazos abertos a sociedade ou servizos garantindo o acceso á cidadanía en xeral

Temos moitos exemplos de propiedade pública por todo o territorio: vías de comunicación: camiños, estradas, vías de ferrocarril, piscina municipal, campo de fútbol. Tamén servizos que se instalan para facer mellor a calidade de vida, como: alumeado público, alamedas, parques e prazas.



Alumeado e estrada de propiedade pública



Parque infantil de propiedade pública

O MONTE VECIÑAL UNHA TITULARIDADE SINGULAR

Os **Montes Veciñais en Man Común-MVMC** son restos de **antigas titularidade colectivas**. Conforman unha titularidade de carácter xermánico, sen asignación de cotas.

A súa **titularidade** correspóndelle sempre a veciñanza comuneira de un lugar, aldea ou parroquia, non entendida como un ente administrativo, senón como grupos sociais. Os aproveitamentos dos montes veciñais en man común, correspóndelle tamén a veciñanza comuneira. E pois **a veciñanza** o único requisito para gozar dos dereitos do monte veciñal.

Os MVMC, máis alá da cuestión legal, non son nin titularidades públicas, nin titularidades privadas. Son titularidades colectivas, veciñais e comunitarias. Son outra forma de posuír que temos os galegos e as galegas.

Debido a que a titularidade dos montes veciñais, e os seus aproveitamentos, correspóndelle a veciñanza comuneira, por iso **non é acaído** que sexan asimilados as titularidades privadas. O recomendable sería que tivesen a consideración legal e específica que teñen os baldíos en Portugal.

A Constitución portuguesa considera a este tipo de titularidade como diferente á pública e ás privadas por ser *“bens comunitarios posuídos e xestionados polas asembleas de compartes”*.

Historicamente, os MVMC, foron o soporte do complexo agro-gandeiro, que era o medio de vida da sociedade rural galega e onde o toxo era unha das mais importantes producións. Na toponimia actual aínda están reflexadas esta actividade agrogandeira (estivadas, rozadas.). No monte veciñal tamén se

daban outros aproveitamentos (gando en pastoreo e ceibo, caza, pesca, froitos silvestres, captación de auga.....).

A produción forestal era marxinal (leñas para quentar as lareiras, material para a construción das casas e dos apeos de labranza).

O predominio da produción forestal, en réxime de monocultivo dos montes veciñais galegos e recente. Data da década dos 60 do século pasado. Naqueles anos, a ditadura franquista, que desenvolvía a economía en réxime autárquico, impuxo que os montes veciñais galegos produciran madeira mediante especies de crecemento rápido, para fornecer as necesidades de madeira que tiña o Estado. Isto supuxo non só que se prohibise os múltiples aproveitamentos do monte veciñal, senón tamén a usurpación dos montes veciñais a veciñanza comuneira.

*Os MVMC non son nin
titularades públicas,
nin titularidades privadas,
son titularidades colectivas,
veciñais e comunitarias.*

O carácter comunitario dos MVMC, e o de ser estas titularidades de carácter xermánico, leva implícito que a súa posta en valor teña que ser decidida democraticamente nas asembleas xerais das comunidades de montes. O individualismo só ten sentido como suma.



HISTORIA DA COMUNIDADE

Non é o obxectivo da Guía debullar en detalle toda as etapas históricas, mais si aportar algunhas referencias necesaria para coñecer a orixe, ou ao menos, ter unha idea de cando se configura e se asentan as bases do que actualmente son os MVMC, e nada mellor que viaxar a esa primeira etapa na que compartimos politicamente un mesmo territorio do Noroeste Peninsular.

A PREHISTORIA

Se tomamos como referencia de partida o período da prehistoria, daquela non existía o concepto de propiedade como tal, xa que os escasos bens dispoñibles (ferramentas, animais, terreos, etc) polas sociedades humanas eran de todas as persoas que as utilizaban en cada momento.

Hai 2,5 millóns de anos os antecesores humanos (*Homo habilis*) eran nómades, ían dun lugar para outro na procura do alimento, eran cazadores e recolectores que ían explotando recursos e, unha vez esgotados, cambiando de lugar na procura de novos recursos.

Non existía división nin parcelación, a terra era ocupada por sociedades humanas organizadas, en tribos ou colectividade, onde compartían por necesidade certos dereitos como a caza a pesca, ou a recolección, en espazos comúns.

Na prehistoria non existía o concepto de propiedade como tal, xa que os escasos bens dispoñibles eran colectivos



Eran sociedades que poderíamos definir como igualitarias (non estaba dividida en clases sociais) en canto as condicións de convivencia e de reparto de alimentos, onde os conflitos que xurdían se regulaban dentro de cada grupo.

Hai uns 10.000 anos, o ser humano (*Homo sapiens*) descubriu a agricultura, é dicir, o cultivo controlado de vexetais, e pouco despois a gandeiría, a domesticación animal, poñendo os alicerces do sedentarismo, o establecemento en lugares fixos e da creación de vilas e cidades.



Así foron evolucionando as sociedades agrícolas e gandeiras. Mais esta evolución tamén foi creando xerarquías nos grupos sociais, persoas con maior capacidade de acumulación de produtos, de bens, con mando e capacidade decisoria sobre a comunidade, isto deu lugar a aparición dos “primeiros xefes” e da propiedade individualizada diferente á colectiva.

Aínda así, co tempo perduraron diferentes aspectos que seguían tendo carácter colectivo nas sociedades humanas, pois foi a cooperación e non a competición o que as fixo evolucionar. A unión seguía facendo a forza!”.



UNHA HISTORIA EN COMÚN

“Dende tempos inmemoriais...” Así comezan os escritos que fan referencia aos MVMC para indicar unha procedencia que se remonta moitos séculos atrás, e que permaneceron ligados as poboacións do medio rural, ata nosos días. Mantendo unha forma de xestión baseada nos usos e costumes e na tradición oral, sendo actualizado o modelo conforme as esixencias dos tempos ata contar con leis e normas escritas, na actualidade.

Os Montes Veciñais en Man Común de Galiza e os chamados Montes Baldíos de Portugal deben de estudarse como parte dunha mesma historia en común, xa que durante moitos séculos compartimos tanto política como socialmente o mesmo territorio e por iso mantemos moitas costumes e aspectos culturais semellantes.

A cultura castrexa

As comunidades humanas no Noroeste prerromano (territorio de Galiza a Cantabria e Norte de Portugal) organizábanse en pequenas poboacións illadas e normalmente fortificadas, denominadas castros, que representaban e definían a unidade básica da organización do territorio.

As posicións topográficas escollidas para o seu emprazamento combinan unha necesaria proximidade ao espazo do que obter recursos: terra, bosque, ríos ou mar, e un control estratéxico baseado na visibilidade directa en todas as direccións. É por iso que son elixidos outeiros ou esporóns illados que dominan visualmente toda a súa contorna, buscando o dominio sobre o territorio: boas condicións de vida, iluminación solar óptima, cercanía de auga, unha visión permanente do territorio agrícola de influencia, rápido acceso ao mesmo e ás vías de comunicación naturais, así como o control sobre a súa contorna inmediata.



O ambiente onde se sitúa cada castro é sempre o lugar onde o potencial dos recursos é maior ou ofrece maiores posibilidades.

O seu modelo de ocupación, a súa distribución no territorio, tamén está a expresar as características da súa estrutura económica e do seu comportamento social. Como é a independencia coa que actúan as comunidades castrexas, xa que permanecen illadas e con relacións espaciais que non van máis alá da súa contorna inmediata de influencia.

Os castros están separados por distancias arbitrarias, ás veces considerables, onde nunca se busca a intervisibilidade. Non obedecen a un esquema dun castro central, o illamento premeditado revela unha estrutura

É por iso que pode establecerse que no modelo de ocupación prerromano, cada castro forneceuse non só co territorio e os recursos agrícolas necesarios para a subsistencia dos seus habitantes, senón tamén coas materias primas esenciais para fabricar na propia cidade aquelas manufacturas, como pedra, madeira e metalúrxia, o que significa que tería un territorio de asociado onde obter eses recursos: bosque, río, montaña, etc.

É aquí onde atopamos as raigames da orixe primixenia do uso e xestión colectiva do territorio.



autárquica e fortemente autosuficiente. Pode dicirse que o trazo máis característico dos castros é a súa independencia e un claro sentido da territorialidade.

A cultura castrexa pode que estivese pouco integrada politicamente mais estaba perfectamente adaptada ao seu territorio.

O modelo de ocupación castrexa expresa as características da estrutura económica e do comportamento social.

Podes acceder a información sobre os castros en:

https://www.researchgate.net/publication/342247698_Cultura_castrexa_Territorios_tiempos_y_aculturaciones

<https://es.scribd.com/doc/283520723/A-Cultura-Castrexa-Francisco-Calo-Lourido-PDF>



A romanización

A expansión do Imperio romano, invadindo territorios e anexionándoos baixo seu dominio, establecendo provincias, trouxo unha nova organización social que se destacou pola imposición dos seus modelos de propiedade, fronte ás existentes e propias de cada territorio, baseadas na propiedade comunitaria e de usos e costumes, é dicir, o uso da propiedade como se viña facendo dende tempos inmemoriais.

Roma tiña xa presenza na Península Ibérica dende o 218 a.C., mais ocupaba sobre todo o litoral Mediterráneo e Golfo de Cádiz, tendo esquecido todo o terzo norte. Ata que Décimo Xuño Bruto, no 135 a.C. deu comezo á primeira das tres fases que propiciaron o asentamento e a implantación romana no noroeste. Aproveitando a desculpa de que os galaicos axudaran aos lusitánicos, aos que os romanos xa tiñan ocupado o seu territorio ao sur do río Douro, Bruto dirixiu incursións de castigo cara o norte.

Estas incursións exitosas, que lle valeron o alcume do Gallaicus, cando voltou exitoso a Roma, foron continuadas polo propio Iulius César no 60 a.C. e conseguiron o asentamento definitivo con Augusto no 25-19 a.C.

Ao atravesar o incógnito Limia, que os romanos consideraban o prohibido Letes, atópanse con grupos sociais organizados en tribos, con diferentes nomes segundo a zona, mais eles os coñecían en xeral como galaicos (*Kallaikoi*, os que viven nas montañas), que



xa era nome recollido polos gregos.

As lexións romanas chegaron acompañadas de administradores e dunha serie de normas e formas de organizarse que tamén afectan o territorio. Pronto escomenzase a medir, dividir a terra e marcar parcelas. Tiñan unha cousa ben clara nas súas normas, o Dereito romano, e establecían dous tipos de propiedade, a privada e a pública. O seu modelo de dereito, diferente dos pobos a onde chegaron, perdurou ata nosos días.

Os romanos tenderon a baixar aos galaicos das montañas e a concentrar a poboación en vilas con servizos, e así o foron transmitindo no establecemento dunha provincia, parte da Hispania Ulterior (afastada) que conformaría un dos extremos do imperio e que



448



incluía o norte de Portugal, Asturias, León e Zamora, fixando a capital na localidade portuguesa de Braga (Braccara Augusta). Todo este territorio era a denominado a Gallaecia Romana e na súa costa occidental

incluía asturias e león. A mediados do século IV a provincia Gallaecia veu incrementado o seu territorio co convento Cluniacensis, con capital en Clunia Sulpicia, situada no sur de Burgos, chegando polo leste ata Nafarroa.

Os romanos denominaron como KALLAIKOI a un conxunto de pobos situados ao Norte do Douro

remataba o mundo coñecido, no Finisterrae.

Englobaba tres territorios, denominados conventos: o Lucensis, con capital el Lucus Augusta; o Bracarensis, capital en Bracara Augusta e chegando polo sur ata o Douro e o Asturicensis, capital en Asturica Augusta que

Así, Roma estableceu, mesmo impulso, a propiedade pública e a propiedade individual, particular ou privada, quedando para o futuro esa forma de legislar, chegando ata nosos días, coñecida como Dereito Romano, que distinguía entre os intereses públicos e os individuais. Daquela mesmo un ser humano podía ser unha propiedade, permanecendo este concepto ata o fin da escravitude.



Podes acceder a información sobre os romanos en Galiza en:

<https://www.altominho.pt/pt/viver/lendas-e-tradi%C3%A7%C3%B5es/lenda-do-rio-lima/>

https://gl.wikipedia.org/wiki/D%C3%A9cimo_Xunio_Bruto_Galaico

O Reino suevo

Mais todo chega ao seu fin, e o Imperio Romano entrou en decadencia, entre outras cousas, porque outros pobos solicitaban ser actores principais da historia. Eran os **pobos xermánicos** procedentes do centro e leste europeo, que levaban anos percorrendo todo o continente e estaban a principios do século V ao pé dos Pirineos, desexando dirixirse cara o sur na procura de novos territorios onde asentarse, fartos da invasión romana, sometemento, guerras, morte e destrución.

Así, baixo mandato do emperador romano Honorio, estes pobos conseguen un pacto no ano 409, ou foedus, permitindo o reparto a sorte das terras hispánicas, correspondendo a ocupación da Gallaecia aos **suevos** dirixidos por Hemerico. Así é como no 411 chegan a Galiza os pobos centroeuropeos, que pertencían a diversas tribos pero que se autodenominaron suevos, un pobo cun grande prestixio entre os xermánicos. Deste xeito ocuparon o poder sobre o territorio xestionado pola administración romana. Mais, os suevos, poucos en número, non pretenderon invadir senón fundirse coa poboación existente e dirixilos, polo que mudaron a espada polo arado, asumindo idioma e relixión, e organizaron as estruturas políticas do territorio conformando o primeiro Reino Europeo tras o poder romano.


Establecieron pequeñas propiedades privadas mais tamén mantiveron amplos espazos onde obter recursos comúns

A igrexa, en expansión na última etapa romana, contribuíra tamén ao establecemento e consolidación das comunidades da Gallaecia en parroquias, coa herdanza do dominio territorial castrexa. Así que os suevos respectaron inicialmente o territorio da Gallaecia, tamén con capital en Braga (hoxe Portugal), chegando a ampliar os seus límites, aínda brevemente, ata Hispalis (Sevilla) polo sur no ano 438.

O poder suevo sucumbiu diante das leas familiares pola ostentación do poder e pola presión doutros pobos xermánicos que ocupaban o resto de Hispania perdu-



rando ata o ano 585, aínda que deixando en tan pouco tempo de gobernanza unha fonda pegada, como o asentamento da organización territorial coa institucionalización das parroquias ou freguesías e a conformación das aldeas.



Podes acceder a información sobre os suevos en:

O reino suevo da Gallaecia. <https://www.fundacionmonchoreboiras.gal/nova/o-reino-suevo-da-gallaecia.html>

In Tempore Sueborum. <https://es1lib.org/book/10987963/62d1be?id=10987963&secret=62d1be>



Os suevos foron defensores de pequenas propiedades privadas mais tamén de manter de amplos espazos onde obter recursos comúns, como as terras comunitarias de uso colectivo, baseándose no dereito consuetudinario de usos e costumes, denominándose como **dereito xermánico** a esas normas.

A orixe

Esta situación histórica foi a que deu orixe os MVMC. O dereito romano entendía que tanto a terra como as edificacións, pertencían sempre a particulares ou a corporacións (concellos, estados). Clasificaban estes bens como particulares (si se posuían por adquisición ou herdanza) ou públicos (se eran destinados o uso da cidadanía). Aqueles bens que non eran susceptibles de apropiación (aire atmosférico, auga dos ríos e dos océanos), eran considerados como comúns. O dereito romano non concibía que sobre uns bens, houbera o dereito de unha titularidade colectiva.

O dereito xermánico institucionalizou o funcionamento tradicional dos usos e recursos da terra

Os pobos xermánicos organizados en tribos, en cambio, recoñecían unha titularidade colectiva sobre a terra. A titularidade da terra era da tribo que estaba formada por familias e veciñanza. As persoas que integraban a tribo, tiñan o dereito o uso da terra como ben colectivo e de acordo coas costumes. So perdían este dereito por morte, expulsión ou abandono do colectivo tribal.

O dereito xermánico institucionalizou o funcionamento tradicional dos usos e recursos da terra dos antigos Galaicos. Familia e veciñanza eran os piares deste dereito a terra como ben colectivo.

Sabes cantas cousas aportaron?

A sociedade do rural seguía as normas e costumes establecidas e eran respectadas, decidindo en asemblea cal era o mellor uso e aproveitamentos que convida á comunidade, non necesitando cubrir documentos nin rexistros escritos, todo era baseado na palabra. Utilizaban lugares que eran habilitados para reunirse como a casa comunitaria, prazas e incluso nos propios montes onde aínda se poden atopar lugares con pedras dispostas de xeito circular, que se coñecen cos nomes de “pedras do acordo” ou “pedras do concello”.

Os MVMC ocupan 1/3 da superficie do territorio galego clasificado como monte. Historicamente a superficie do monte veciñal era maior. A merma da superficie do monte veciñal foi debido a diversos acontecementos históricos: o non recoñecemento legislativo de ser unha titularidade distinta as titularidades públicas e privadas, a posta en venta mediante as leis desamortizadoras do século XIX, a usurpación a favor dos concellos nos tempos de primeira república española (1873), e na dictadura franquista (1939-1978).

Ben certo é que algunha merma do monte veciñal foi debida á apropiacións indebidas. Mais, moitas de estas apropiacións (reparto individual dos montes veciñais), foi unha resposta da veciñanza comuneira para impedir que coa venda dos montes veciñais, estes pasaran a mans alleas e deixaran de ser o soporte do complexo agrogandeiro.

Como xa vimos, estas terras estiveron ligadas a economía rural e agraria das comunidades humanas na Galiza proporcionaron múltiples servizos: leña, madeira, pedras, auga, pastos, estrumes para o gando e poder elaborar esterco...



Quen son os titulares dos MVMC?

A titularidade dos MVMC é a veciñanza. Son os veciños e veciñas compoñentes das unidades económicas con casa aberta e residencia habitual dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte. Así como aquelas persoas que no futuro teñan as mesmas circunstancias. A titularidade recae en todos os/as compoñentes das unidades económicas, se ben representados, na listaxe da veciñanza comuneira, por un ou unha dos seus compoñentes. Na Galiza reciben o nome de veciño/a comuneiro/a e en Portugal reciben o nome de compartes.

Poden acadar a condición de veciñanza comuneira as persoas que vivan nun lugar, aldea ou parroquia na que exista monte veciñal

Pode ser comuneiro ou comuneira calquera persoa?. Só poden acadar a condición de veciño-veciña comuneiro-comuneira as persoas que vivan nun lugar, aldea ou parroquia na que exista monte veciñal.

A referencia de “casa con fume” que aínda aparece en algunha lexislación, e que a día de hoxe é un certo anacronismo, era un xeito de indicar que alí vivían persoas. Representa, en todo caso, a habitabilidade continua dunha vivenda.

Para acadar a condición plena de veciño/a comuneiro/a, ten que solicitalo á xunta reitora da comunidade de montes e aprobar esta condición na asemblea xeral de comunidade de montes.

Como se organizan?

A asemblea de comuneiros/as é a unidade básica de toma de decisións. É a asemblea, convocada en tempo e forma, quen tomará as decisións. Tamén é a asemblea o foro onde se elixirá unha Xunta Reitora, un pequeno grupo de persoas encargada de executar os acordos que se adopten entre asembleas.

O mandato da Xunta Reitora é de catro anos, vai executar os acordos e tomar decisións sobre os tempos e alcance das execucións, para iso dispón dunhas normas, estatutos, que regulan a vida da comunidade respectando a lexislación vixente, mais para calquera decisión importante terá que voltar á asemblea para coñecer a súa opinión.

Os titulares dos MVMC, e dicir, os comuneiros e comuneiras, ademais de seguir a lexislación vixente, teñen normas de funcionamento interno chamadas Estatutos, que regulan dende os aspectos que hai que asumir fixados pola lei ata aqueles outros como os dereitos e obrigas adaptados a cada zona, as funcións de cada cargo da xunta directiva, os procesos electorais,.....



Poden acceder a información sobre os MVMC en:

Páxina web da ORGACMM: <http://www.orgacmm.gal/>

NORMAS E LEXISLACIÓN

Os MVMC, dispoñen dunha lexislación ou normativa que regula todos os aspectos legais dende o inicio do proceso de constitución da comunidade, a legalización da mesma, os dereitos e obrigas, o funcionamento, os ingresos e gastos, os investimentos, os aproveitamentos, etc.

As principais lexislacións polas que se rixén os montes veciñais en man común son:

A lei de montes veciñais (1989) e o seu regulamento (1992).

A lei do dereito civil de Galiza (2006).

A lei de montes do Estado (2015).

A lei de montes de Galiza (2012).

Hai tamén outras normativas que tamén afectan os montes veciñais en aspectos: de aprovetamentos, fiscalidade, investimentos obrigados, incendios, instrumentos de xestión..... son leis postas en marcha para regular o funcionamento.

Toda lei é de obrigado cumprimento mentres estea en vigor. Isto non significa que sexan xustas, acidas ou adecuadas a realidade. As leixes non son inmutabeis e xa que logo, democraticamente, podense derogar ou modificar.



Toda lei é de obrigado cumprimento mentres estea en vigor. Isto non significa que sexan xustas, acidas ou adecuadas a realidade



Podes acceder a información sobre a lexislación dos MCVMC en:

LEI 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común. BOE 35, 9 de febreiro de 1990.

DECRETO 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. DOG do 23 de setembro de 1992.

LEI 2/2006, 14 de xuño, de dereito civil de Galicia. DOG 124, de 29/06/2006.

LEI 21/2015, de 20 de xuño, pola que se modifica a LEI 43/2003, 21/11, de Montes. BOE. 173, de 21/07/2015.

LEI 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. BOE 217, de 8 de setembro de 2012.



Que son?

Son o conxunto de comuneiros/as que constitúen a titularidade e xestión dun territorio clasificado como MVMC. Réxense polos estatutos da comunidade e teñen un logotipo, un elemento gráfico significativo, que as identifica, como os seguintes:

Cando se reúnen para tomar decisións forman a Asemblea da Comunidade de Montes. Para celebralas teñen que contar cun mínimo de asistentes, sendo das poucas organizacións nas que non chega so cos que están presentes. Necesitan varias porcentaxes segundo o que vaian a votar, e o mínimo para calquera caso é o 25 por cento. Ese mínimo chámase “quorum”.

A vida democrática das Comunidades de MVMC as levan a convocar como mínimo unha asemblea xeral ordinaria por ano, podendo ademais convocar asembleas extraordinarias e reunións informativas. Poden reunirse as veces que consideren, como por exemplo, para organizar un servizo de vixilancia do monte veciñal en man común, decidir as cortas, o reparto de leña, etc.

A vida democrática das comunidades de montes chega ao dereito de revocación. Se o 20% da veciñanza comuneira entende que a xunta reitora non leva adiante os acordos da asemblea xeral, pode autoconvocar unha asemblea extraordinaria e tomar as decisións oportunas”

Os MVMC foron, sustento do mundo rural de Galiza e contribuíron tamén ao benestar dos habitantes de vilas e cidades que consumían os seus produtos.

Mais, non son reliquias do pasado, son realidades do presente e con futuro, por tanto, debido ao modelo tan especial que forman, é necesario reivindicalos como unha parte moi importante da historia e da vida económica e social das poboacións rurais ata as décadas dos anos 60/70.

Polo dereito xermánico son bens indivisíbeis, inembargábeis, inalienábeis e imprescriptíbeis.

O modelo social que representaron e representan é argumento mais que suficiente para que os MVMC sexan tratados nos centros de ensino e divulgados ao público en xeral para que as mocidade poidan trasladalos ao futuro tratando en moitos casos de ser o relevo.





Características dos MVMC

Así como unha propiedade privada particular pódese mercar ou, vender pola simple decisión do propietario, as terras comunitarias, montes veciñais en man común, non poden comprarse ou venderse, nin estando de acordo todos os comuneiro/as de cada momento, xa que non poden decidir polos que xa non están ou os que virán no futuro, isto denomínase **propiedade comunitaria e variable**.

Son bens que polo dereito xermánico son indivisíbeis, inembargábeis, inalienábeis e imprescriptíbeis. Catro conceptos que parecen moi difíciles de entender pero que imos a matizar.

Que é **INDIVISÍBLE**?

Que non se poden dividir, nin partir.
Que non admiten a división.



Que é **INEMBARGÁBLE**?

Reterlle algo a unha persoa por orde xudicial.
Que non poden ser obxecto de embargo.
As terras veciñais non se poden embargar.

Que é **INALIENÁBLE**?:



Que non se poden vender nin pasar a outra persoa.
Non poden ser obxecto de comercio.

Que non se pode enaxenar (pasar a outro propietario).

Son territorios que poden chegar ata o cumio das serras e montañas e ata a beira do mar. Dende o interior de Galiza ata a costa.

Que é **IMPRESCRIPTÍBLE**?

Que non perden vixencia ou validez co paso do tempo.

Que non se extingue a propiedade aínda que pasen moitos anos.



Os MVMC son territorios que poden chegar ata o cumio das serras e montañas e ata a beira do mar. Dende o interior de Galiza ata a costa. Non se pode facer neles construcións que non teñan que ver cas actividades agrarias, do monte ou sociais, non se poden urbanizar. Por iso, o manterse así o longo dos séculos foron claves para a paisaxe que temos, que só foi alterada polo tipo de vexetación.

Ademais, como non se poden dividir ni vender, pode-

mos contar cun territorio sen urbanizar, sen edificios, contribuíndo con elo a dispoñer dunha superficie moi importante para o noso recreo visual e emocional, que actualmente debemos de agradecer por esa contribución para a sociedade.

Existen moitos espazos próximos a zonas urbanas ou de interese turístico, que grazas a existencia destes montes non se puideron alterar pola súa protección legal o ser Montes Veciñais en Man Común, repercutindo dese xeito de forma positiva na paisaxe e na calidade de vida.

Tomas de decisión e instrumentos de xestión

Como propiedade comunitaria, o uso que se lle queira dar o monte veciñal será decidido polos comuneiros/as en asemblea, coa condición de respectar a normativa vixente en materia de montes e de medio ambiente.

Aínda que non hai moitos anos os usos eran acordados verbalmente, nas últimas décadas foron varias as normativas aprobadas e que teñen que terse en conta nas decisións que se adopten.

A posta en valor dos MVMC debe camiñar cara o logro de un monte veciñal multifuncional e sustentabel. Os instrumentos para levar adiante esta planificación chamanse documentos simples de xestión, planos de xestión e planos de ordenación, dependendo da superficie de cada monte veciñal. Teñen unha validez de 10 anos e ten que adaptarse as características do



lugar, parroquia ou comarca, e dependendo da zona xeográfica na que nos atopemos e das actividades da veciñanza, analizará as diferentes alternativas que máis conveñan segundo as potencialidades do monte.

Nas universidades, as escolas de enxeñeiros de montes, estudan os diferentes métodos e técnicas a aplicar para conquistar unha xestión sustentable dos montes. Son eses profesionais os que elaboren os planos de xestión e de ordenación dos montes, tendo en conta os intereses da veciñanza comuneira e contemplando, de xeito equilibrado, os aspectos social, económico e ambiental, na procura dun monte multifuncional.

Estes instrumentos de xestión deben ser aprobados nas asembleas xerais das comunidades de montes, xa que logo recolle o sentir maioritario da veciñanza comuneira de como quere que sexa o seu monte veciñal. Por ser un instrumento de carácter técnico, a súa redacción ten que facela persoal cualificado. E en última instancia, para que cumpra a normativa, ten que ser aprobado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza.

*O uso que se lle queira dar o monte veciñal
será decidido polos comuneiros/as en
assemblea*




SERVIZOS ECOSISTÉMICOS

Cóñécese por servizos ecosistémicos os beneficios que un ecosistema, como e o monte veciñal, aporta a sociedade e que melloran a saúde a, economía, e a calidade de vida das persoas. Tamén se recoñece as súas funcións: económica, medioambiental e social que todos os montes deben cumprir.

Para que os ecosistemas aporten estes servizos, estes ecosistemas teñen que estar en boas condicións. Un ecosistema en estado de abandono ou queimado, non cumpre estes servizos. Xa que logo, as comunidades de montes, teñen que investir en: redacción de instrumentos de xestión, equipos de loita contra o lume, traballos de silvicultura, etc. Estas tarefas son descoñecidas pola sociedade. Hai estudos que indican que os servizos ecosistémicos (amais dos de carácter produtivo), xerados por unha hectárea de monte veciñal, teñen un valor de 8.500,00 euros /ano.

Parece pois lóxico que as comunidades de montes que costean a xeración dos servizos ecosistémicos, en beneficio de toda a sociedade, reciban compensacións. Non entendidas como subvencións ou esmolos, senón como o que realmente son, unha redistribución dos custes do servizos do MVMC á sociedade no seu conxunto.



Son os beneficios que un ecosistema aporta á sociedade e que melloran a saúde, economía e calidade de vida das persoas



Función produtiva do monte

A función produtiva dos montes veciñais debe abranguer os diversos aproveitamentos que se poden dar na superficie do monte veciñal (madeira e gandería diversificada, producións agrícolas, apicultura, cogumelos, froitos silvestres, plantas medicinais, etc.) é o único xeito de que o monte veciñal teña futuro, sobre todo fuxir do monocultivo, mesmo doutras explotacións unívocas no mesmo monte.

O aproveitamento do monte veciñal debe ser multifuncional, mais as producións fundamentais debe ser unha ou algunhas. Na elección dos aproveitamentos importantes débese ter en conta as seguintes consideracións: as características morfolóxicas do monte, a situación xeográfica e humana da veciñanza comuneira e das poboacións da zona de influencia do monte a decisión soberana da veciñanza comuneira tomada democráticamente en asemblea xeral.

A función produtiva dos montes veciñais debe abranguer os diversos aproveitamentos que se poden dar na superficie do monte veciñal



A implicación da veciñanza comuneira na posta en valor das súas terras comunitarias é fundamental para a posta en valor dos montes veciñais

Mais debe de quedar claro, que todas as producións que teñan eses montes, son de aproveitamento exclusivo dos titulares dos terreos, comuneiros/as, o que non impide que o resto da sociedade faga un uso responsable dos espazos (espazos recreativos e deportivos, servizos públicos en cesión a administracións, miradoiros, roteiros culturais, apicultura, etc.) e mesmo poida dispoñer dalgún beneficio da produción se o decide o conxunto da asemblea da comunidade (leña, cogumelos, etc).



Función medio ambiental

Os MVMC cumplen unha moi importante función medioambiental. Son elementos desta función: a conservación da paisaxe, a regulación do ciclo da auga e a súa depuración natural, a conservación da biodiversidade: flora e fauna, control da erosión. O patrimonio medioambiental que contén diversos elementos como son formacións rochosas, accidentes orográficos, bosques autóctonos, árbores senlleiras, barrancos, fervezas, regueiros, etc.

A función ambiental debe estar presente en todos e cada un dos usos dos montes veciñais



A función medioambiental dos MVMC non debe quedarse en xerar montes “ecolóxicos” ou montes “xardíns”, senón que debe estar presente en todos e en cada un dos usos dos montes veciñais.

A paisaxe

Por iniciativa das comunidades de montes están a producirse actuacións a prol da creación de mosaicos con especies frondosas que aportan colorido e policromismo, amais do interese que teñen na conservación da biodiversidade, protexendo lugares onde a paisaxe é un gran valor.

Na superficie do territorio dos MVMC (tamén nos montes particulares) existen elementos naturais que son verdadeiros monumentos da paisaxe. Dende formacións rochosas, accidentes orográficos, bosques autóctonos, árbores senlleiras, barrancos, fervezas, regueiros, etc.





Tamén estes territorios están ocupados por vexetación autóctona, moitas veces degradada polo monocultivo, mais que aínda mantén verdadeiras arcas de Noé que paga a pena identificar e coidar para preservar. E, sen dúbida, os hábitats que conforman o territorio son usados por moitos exemplares de fauna, ocasionalmente especies ameazadas.

Os comuneiros/as teñen a obriga de protexer o patrimonio e defendelo. En moitas ocasións o territorio está incluído en figuras de protección, como a Rede Natura 2000, e a limitación do seu uso incomoda aos titulares, mais hai que ver isto como unha oportunidade e non como un problema, pois é a nosa obriga preservar eses valores naturais polo bo estado do medio e para as xeracións futuras.


A poboación escolar conta con aulas abertas nestes espazos.

O ciclo da auga

Nos montes acumúlase a auga que deixan as néboas e a chuvia filtrándose ata os acuíferos que alimentan os mananciais e que dan lugar a fontes, regatos e ríos.

O longo da historia, os habitantes sabían moi ben dese valor, así o foron aproveitando e realizando determinadas construcións para poder acceder a auga como fontes, pozos, minas, depósitos, cometidas, etc.

O servizo de auga é obrigatorio para toda a cidadanía e unha competencia municipal, é por iso que diante desta carencia deste servizo municipal no rural, moitas nacementos de auga foron aproveitados pola veciñanza do rural canalizándoos para o subministro doméstico. Isto supuxo en moitos casos a privación dese recurso para a flora e fauna local.





Outra das construcións para aproveitar a auga o foi a de dispoñer de presas e encoros, tanto para uso doméstico como para electricidade.

Nos montes, debido a loita contra os incendios forestais construíronse centos de depósitos para dispoñer de auga con ese fin.

Por iso, resulta fundamental que os comuneiros/as teñan a sensibilidade necesaria para promover intervencións que melloren a capacidade do terreo de absorber auga e non introducir especies ou realizar obras que minimicen ese aspecto.

Temos que tomar moi en serio este capítulo pois a auga potable é un ben finito e máis ben escaso. E sobre todo o monocultivo de eucalipto, imperante na superficie forestal galega, incide negativamente no almacenamento hídrico do chan.


Os MVMC contribúen ao noso benestar a través da súa vexetación, xa que absorben moito anhídrido carbónico

Ciclo do carbono

O ciclo do carbono comeza cando as follas das árbores absorben CO₂ e mediante a fotosíntese o transforman en madeira (fixan o carbono) e desprenden o O₂, é dicir disocian a molécula e utilizan o que lles interesa. Este carbono forma parte do corpo das árbores, da súa madeira e unha vez que morre a árbore e cae ao chan vai volvendo progresiva e lentamente á atmosfera a través dos organismos descompoñedores, ou pode facelo rapidamente se lle plantamos lume.

Por tanto, a vexetación axuda a eliminar monóxido de carbono (CO₂) fixando o carbono e medrando, pasa a transformarse en madeira. Madeira para facer entre outras cousas, mobles ou casas. A explotación forestal para queimar a madeira non resolve, máis ben agrava, o quecemento global. É por iso que compre promover a construción con madeira para que este CO₂ fixado dure máis anos en uso e non volva rapidamente á atmosfera.





Cambio climático

Nestes momentos unha das maiores preocupacións da humanidade e o cambio climático derivado do quecemento global pola emisión de gases que producen o efecto invernadoiro. Os MVMC, como o resto de montes contribúen ao noso benestar a través da súa vexetación tanto herbácea como arbustiva ou leñosa, xa que absorben moito anhídrido carbónico CO_2 . Os montes e dentro deles os MVMC son auténticos sumidoiros de carbono. Os montes están contribuíndo a mitigar o quecemento global, que ocasiona o efecto invernadoiro, fixando milleiros de toneladas de carbono en forma de madeira e outros produtos proporcionando un aire máis saudable.

Este gas, altamente tóxico, é emitido a atmosfera pola respiración dos seres vivos, máis tamén pola maioría das actividades do ser humano, dende os automóviles, avións, industrias etc.

Temos que contribuír a por unha banda minorizar ou eliminar os focos de emisións e por outra, en paralelo,

promover mecanismos de absorción. Para iso, as plantas son unha das mellores axudas, e por iso que os montes veciñais cumpren un papel social importante, están contribuído a unha xestión sostible. O máis importante é unha veciñanza convencida e concienciada por colaborar a ter un medio ambiente máis sus-

Temos que contribuír aminorizar ou eliminar os focos de emisións de carbono e, en paralelo, a promover mecanismos de absorción.

tentábel.

A día de hoxe, o mercado samente considera capturadoras de CO_2 , as masas boscosas plantadas en terreos queimados e se produce un cambio de uso. As masas boscosas ben xestionadas plantadas nos montes veciñais, non se consideran capturadoras de CO_2 . Como tamén se considera que a captura do CO_2 das masas boscosas e mesma cando se remata queimando a madeira ou cando a madeira se transforma en diversos produtos e aínda que en menor cantidade, sigue capturando CO_2 . Isto non ten lóxica medioambiental, somentes ten lóxica de mercado.

Función social

Os montes veciñais en man común, sempre foron espazos abertos, polo que sempre cumpriron unha función social da que se beneficiaba a sociedade no seu conxunto. Dende hai varios anos, a demanda do uso social dos montes veciñais, incrementouse. Actividades de lecer (paseos de persoas con ou sin mascota, goce das áreas de lecer, excursións.....), actividades deportivas ao aire libre (a cabalo, en bicicleta, en moto, quadds, montañismo, escalada) e visitas culturais (a bens patrimoniais, etnográficos e naturais....) son actividades demandadas hoxe da función social dos montes veciñais.

A función social dos montes veciñais en man común debe ser gozada pola sociedade no seu conxunto. Este uso social ademais de respectar os diversos aproveitamentos do monte, os bens patrimoniais, naturais....., non poden acarrexar nin responsabilidades civís, nin responsabilidades penais para as comunidades de montes. Todo uso social dos montes veciñais en man común debe estar autorizado polas comunidades de montes, que son as titulares destas terras comunitarias.

Patrimonio arqueolóxico e cultural

Na superficie do territorio dos MVMC tamén existen pegadas e actuacións do ser humano doutras épocas, dos nosos ancestros, dende hai milleiros de anos ata



épocas recentes. Petróglifos, mámoas e castros son exemplo, e hai moitas máis: ermidas, santuarios, minas, balados, refuxios e agochos que son máis recentes e tamén con interese pois son verdadeiros libros onde ler a nosa proia historia.

E necesario coñecer e catalogar na nosa parroquia ou lugar a situación do patrimonio arqueolóxico e cultural para súa conservación, protección e identificación como unha contribución a nosa cultura.

A existencia de tanto patrimonio descuberto, mais o que segue oculto, son parte da nosa historia e un reclamo educativo, formativo e cultural. Mais atópanse non só co atranco, senón co impedimento da Administración Pública Galega polo que sería deseable un cambio de actitude que permitise ofrecer este recurso.





Uso social: lecer, cultura e deporte

Moitas actividades culturais galegas (festas populares, bandas de música, grupos de baile, grupos de teatro....) foron e son sufragadas polos investimentos xerados polos montes veciñais. Este axudar a potenciar a cultura popular galega faise de dúas formas: ben directamente pola comunidade de montes ou subvencionando ás asociacións e entidades veciñais, culturais ou as Anpas para que as levanan adiante.

Moitas comunidades de montes teñen adecuado superficies para usos relacionado co lecer e descanso, construíndo parques forestais, para o que temos que agradecer ese esforzo pola sociedade. Cada vez son máis as persoas que saen a gozar da natureza e os MVMC son un complemento de moito interese para a veciñanza e visitantes.



Podes acceder a información sobre aos curros en:

Proxecto Ceibes no monte: <http://www.ceibesnomonte.com/inicio.htm>.

Raça garrana: <https://www.acerg.pt/>.

Asociación pura raza cabalo galego: <https://cabalogalego.com/>

OS INIMIGOS DOS MONTES VECIÑAIS

Os MVMC teñen moitas ameazas e inimigos.

Hai causas naturais como poden ser as bioinvasións, pragas e enfermidades. Hai intereses capitalistas que tentan de privatizar estas terras comunitarias por estar fora do tráfico do comercio e non poder facer negocio.

Hai intereses políticos que consideran que os montes veciñais deben desaparecer por ser titularidades comunitarias xestionadas directamente pola veciñanza comuneira. Hai empresas que consideran que o monte veciñal en man común como vertedoiros de lixo.

As enfermidades das árbores, como sucede nas persoas, aparecen por diversas circunstancias, sendo mais frecuentes nos monocultivos de eucalipto e piñeiros, e vanse propagando con rapidez, afectando a produción e mesmo destruindo as plantacións, polo que hai que actuar canto antes. Cando se detecta un problema sanitario hai que intervir.

As bioinvasións de especies agresivas, como as acacias e outras plantas, ocupan amplos espazos desprazando á flora autóctona e reducindo a biodiversidade, mesmo a proliferación descontrolada do eucalipto, fóra do espazo de cultivo, pode ser considerado bioinvasión.

Os incendios forestais son o maior problema do monte. Cando un monte arde, non arde só a arborada. Arde tamén: gando, producións agrícolas, aproveitamentos do monte non madeirabeis, paisaxe, fauna, flora, biodiversidade.e tamén persoas. Xa que logo, non son lumes forestais. Son lumes do territorio.

Hai causas naturais que producen os lumes (treboadas, lóstregos), son as menos. A maioría teñan causa antropoxénica. Unhas de xeito involuntario (unha chispa de un operario-operaria, unha fogueira descontrolada) e outras intencionadas (prender lume con un obxectivo).

Se ben é certo que en última instancia o responsábel é a persoa que prende o lume, non podemos esquecer que as causas principais que provocan e propagan os lumes, son de tipo estrutural. Entre estas, podemos citar: monocultivo forestal, desordenación das masas boscosas, continuidade das masas boscosas monoespecíficas, abandono e despoboación do medio rural, impedir que a posta en valor dos montes veciñais o faga a veciñanza comuneira. De ahí que a loita mais eficaz contra os lumes de territorio sexa o camiñar



cara un monte veciñal multifuncional e sustentábel e a implicación da veciñanza comuneira nesta posta en valor. Todo elo sen esquecer a educación da cidadanía, facendo traballos de silvicultura e atacando ao lume cando aparecea.

Galiza non sería o mesmo si algún día desapareceran os MVMC. Nestes momentos o abandono das zonas rurais, aldeas, lugares e parroquias que están desaparecendo polo envellecemento da poboación, falla de servizos básicos no rural, en definitiva diminución da veciñanza, son un problema xa que sen as persoas non existe actividade.

As enfermidades, bioinvasións, lumes, mais tamén os intereses econ-ómicos, son inimigos do monte veciñal



GARANTAMOS O SEU FUTURO

Un elemento que resulta fundamental para garantir o futuro dos MVMC é que dispoñan dun soporte xurídico que contemple esta propiedade como o que realmente é, unha propiedade comunitaria, para isto teríamos que contar nos documentos fundamentais como son a constitución española e o estatuto de autonomía de Galiza unha forma mais de propiedade a maiores da pública e privada, a comunitaria.

Ademais de ser considerada como tal na fiscalidade, dun xeito especial e non como unha empresa calquera, xa que a maior parte dos MVMC non reparten os beneficios da súa actividade senón que os inviste socialmente.

Por iso, a veciñanza comuneira debería participar activamente en procesos de formación para tratar de ser consecuentes con esa forma de propiedade e tamén ter os coñecementos básicos para intervir na xestión da comunidade.

Mesmo sen a posibilidade de ser comuneiro/a pode colaborarse con algúns MVMC a través de entidades ambientais e de custodia do territorio que establecen convenios de colaboración cos mesmos.

De todos os xeitos, o mais importante para que os MVMC garantan seu futuro é que teñan veciñanza, é dicir, que exista poboación nese lugar ou parroquia,

O soporte xurídico é fundamental para garantir o futuro do MVMC



que existan casas con fume e residentes, xa que esa é a razón chave agora mesmo, xunto coa mocidade como relevo xeracional.

Na procura do apoio social

Ademais do interese local pola vida do monte veciñal, é dicir, a vida interna da comunidade e a xestión do MVMC. O resto da sociedade debería ter coñecemento e estar concienciada desta realidade, porque a calidade de vida das poboacións, das vilas e cidades depende nunha parte importante deste territorio.





Necesita ser coñecido e respectado, pero primeiro é fundamental que sexan recoñecidos polas propias administracións públicas: concellos, deputacións, Xunta de Galiza e Estado. Non só iso, senón que traten ao MVMC como tal e como unha oportunidade, e non como un problema.

Hai que subliñar que esa é unha das grandes eivas na defensa desta propiedade colectiva, o desinterese ata

o de agora por facelos visibles, mesmo o interese en que non se visibiliza pois así poden desaparecer con máis facilidade e menos resistencia.

Impulsando e apoiando iniciativas como esta Guía, promocionando programas de divulgación para dar a coñecer o MVMC á sociedade é un xeito de garantir a súa continuidade.

Impulsando, apoiando e promocionando programas de divulgación sobre o MVMC é un xeito de garantir a súa continuidade.

A ausencia do MVMC do ensino fai que xurdiran, dende hai xa anos, iniciativas individuais por parte de comunidades de montes e de organizacións nas que se integran (mancomunidades e ORGACCMM), promovendo xornadas, cursos, campañas, tanto para a veciñanza





como para centros de ensino aproveitando tamén certas datas sinaladas con a Festa da Árbore, o Día da Terra, da Auga,...etc.

Esta Guía é o resultado da unión de todas esas iniciativas e da reflexión de centos de comuneiros/as que desexan a continuidade do MVMC, mesmo están convencidos que ten mil primaveras máis por diante.

Alumnos e alumnas, ensinantes, educadores/as en xeral, como remate desta Guía agardamos que agora teñades en conta o que son os Montes Veciñais en Man Común-MVMC. Coñecer un pouco máis deles é contribuír a reforzar o noso patrimonio e abrir unha porta a esperanza que significa poder contar no futuro con mozos e mozas que poidan ser os/as novos/as veciños/as de zonas rurais e periurbanas, os comuneiros e comuneiras que darán contiuidade a esta especial figura de propiedade.

Eles e elas poderían formar parte no futuro dunha comunidade de montes, recuperar algunhas perdas ou simplemente colaborar con apoios na súa defensa, dende a súa localidade, vila ou cidade, xogando un papel importante na sociedade.

En xeral, temos una enorme responsabilidade sobre a defensa desas terras comunitarias.

Non podemos esquecer aqueles elementos que formaron e forman parte da nosa cultura do noso patrimonio porque estaríamos esquecendo as nosas orixes, e que ademais afortunadamente aínda están vivos, e que estamos obrigados e obrigadas a preservar para o futuro.



CONCLUSIÓNS

O Monte Veciñal en Man Común é unha propiedade comunitaria baseada no Dereito Xermánico e con orixes ancestrais.

Permaneceu ata os días de hoxe porque seguiu sendo útil para as comunidades rurais ao longo da historia.

A mediados do século XX, cos profundos cambios sociais e a fractura da sociedade agraria entrou en crise, agravado pola usurpación franquista das terras.

Nos anos 80 constituíronse as CCMM recuperando moitas comunidades.

A propiedade colectiva do monte significa que os seus titulares son múltiples e variables, a veciñanza comuneira.

O MVMC é un espazo aberto que revirte beneficios en toda a sociedade.

As comunidades de MVMC, compostas pola veciñanza dun lugar imprime cohesión social e forma nos valores democráticos, tendo como elemento básico a asemblea para a toma de decisións.

O futuro do MVMC so o garante a veciñanza e o apoio social, polo que a divulgación, educación e formación da veciñanza e cidadanía resulta fundamental.



A XEITO DE EPÍLOGO



Coidemos o **Monte Veciñal en Man Común**, entremos en contacto coas Comunidades de Montes e démoslle o noso apoio, solicitémoslle cando sexa preciso, utilizar esas terras como instrumento de educación, de ensino ou de lecer.

O que se pretende con esta Guía Didáctica ademais, e que o alumnado incida sobre as súas familias, lembrándolles o que acaban de coñecer e o seu interese en poder coñecelo de primeira man algún día.

Sería desexable que as Comunidades de Montes puidrían contar na súa programación anual cun calendario de visitas para os mozos e mozas da parroquia ou concello, ofertando esa posibilidade de coñecer ese territorio e os recursos con que contan e tamén organizar saídas a lugares de interese.





*“Se queres chegar rápido camiña só.
Se queres chegar lonxe camiña en grupo”.*

Proverbio africano.

